

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ELIXIDA POLOS ALUMNOS DE CINCO INSTITUTOS

Anxos Sumai gaña o 'San Clemente' con 'Así nacen as baleas'

'Hoy, Júpiter', de Luis Landero, impúxose na categoría de novela castelá, e 'Arthur e George' (Rinoceronte) na de novela extranxeira

Redacción - 09:00 25/06/2008

A novela de Anxos Sumai impúxose por un só voto (cinco fronte a catro) a Mentras a herba medra, de Xesús Rábade Paredes, ficando Cardume, de Rexina Vega, que ficou cun só voto. Pola contra, na categoría de novela castelá *Hoy Júpiter* de Luis Landero foi escollida polos dez membros do xurado, deixando sen apoios a *Crematorio* de Rafael Chirbes, e *La muerte lenta de Luciana B.* de Guillermo Martínez.

Finalmente, *Arthur e George* de Julian Barnes, publicada en galego por Rinoceronte foi escollida como mellor novela extranxeira, superando a *Terrorista* (Xerais) de John Updike, e *Zapatos italianos* (Tusquets) de H. Mankell.

Ademais, este martes anunciouse que en marzo o xaponés Haruki Murakami recollerá no propio Instituto Rosalía de Castro o premio que se lle outorgou o pasado ano por *Kafka en la orilla*.

Cinco centros, catorce anos de historia

O premio Arcebispo San Clemente ten a particularidade de que nel os protagonistas son alumnos de secundaria, do Instituto Rosalía de Castro de Santiago e doutros catro centros de todo o país. Este ano o xurado rapaces dos institutos Camilo José Cela de Padrón, da Coruña, Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, Pintor Colmeiro de Silleda, Lauro Olmo do Barco de Valdeorras e do Rosalía de Castro compostelán.

O pasado ano os gañadores foron María Reimóndez en galego (*O club da calceta*), Vicente Molina Foix (*El abrecartas*) en castelán, e Haruki Murakami (*Kafka en la orilla*) na categoría de fóra do Estado. En edicións anteriores, este premio contou entre os seus gañadores con autores de prestixio como Isidro Novo, Javier Cercas e Abraham Yehohua (2006), Teresa Moure, Álvaro Pombo e Melania G. Mazzucco (2005), Pilar Buela, Carlos Fuentes e Jeffrey Eugenides (2004), ou Almudena Grandes, Jonathan Coe e Rosa Aneiros (2003).